

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA ACOMETER E INCORPORAR AO PATRIMONIO PÚBLICO MUNICIPAL A ACTUACIÓN "REDE DE SANEAMENTO NOS NÚCLEOS DA FREIXA, O SOUTO E O EIDO. PARROQUIA DE RIBADETEA. FASE I. PONTEAREAS (PONTEVEDRA)", COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉGICO DA PAC 2023-2027 EN GALICIA

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María Nava Castro Domínguez, alcaldesa do Concello de Ponteareas no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

EXPOÑEN

1. O 10.01.2024 Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas formalizaron un convenio para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e O Eido. Parroquia de Ribadetea. Fase I. Ponteareas (Pontevedra).
2. Tendo en conta os prazos da licitación e a data de inicio da execución das actuacións é necesario reaxustar as anualidades ao ritmo previsto de execución das actuacións e, en consecuencia, establecer o importe da achega económica do concello e o prazo de pagamento de acordo coa nova distribución de anualidades.



3. O convenio formalizado entre Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas está cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia.

Á vista da previsión de execución das actuacións obxecto do convenio e a situación contable do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, é conveniente modificar o marco de financiamento do convenio.

Tendo en conta que as actuacións obxecto deste convenio cumpren cos requisitos para ser cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2022, modifícase o convenio subscrito para substituír no título e nas cláusulas do convenio as referencias ao Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia polas referencias ao Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2022.

Por todo o exposto, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando o título, o punto sexto do expoñendo, a cláusula cuarta (obrigas das partes en relación á normativa reguladora do Feader), a cláusula sexta (réxime de financiamento e obrigas de carácter económico), a cláusula duodécima (modificación do convenio), a cláusula décimo cuarta (responsabilidade por incumprimento do dereito da Unión Europea) e a cláusula décimo sexta (publicidade).

Así mesmo, engádese unha nova cláusula sexta bis (compromiso de financiamento do concello) e modifícase o apartado 3 da cláusula terceira (obrigas xerais do concello) co fin de actualizar a referencia á nova cláusula sexta bis.

As modificacións referidas realízanse nos seguintes termos:

1. O título do convenio de colaboración queda redactado da seguinte maneira:



Convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas para acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación "Rede de saneamento nos núcleos da Freixa, O Souto e o Eido. Parroquia de Ribadetea. fase I. Ponteareas (Pontevedra)", cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2022.

2. O punto sexto do expoñendo queda redactado da seguinte maneira:

Sexto. *As actuacións obxecto deste convenio serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa invierte en el rural nun 75% do gasto elixible, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2022, aprobado por Decisión de Execución da Comisión do C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por última vez mediante Decisión de Execución da Comisión C (2025) 1260 final, do 20 de febreiro de 2025.*

3. O apartado 3 da cláusula terceira queda redactado da seguinte maneira:

3. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula sexta bis.

4. A cláusula cuarta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

CUARTA. OBRIGAS DAS PARTES EN RELACIÓN Á NORMATIVA REGULADORA DO FEADER

As partes asumen as obrigas que lle corresponden conforme a normativa reguladora do FEADER, en particular:

1. As de información e publicidade dispostas no Anexo III do Regulamento de execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014.
2. As relativas aos investimentos previstas no artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.



3. As estipuladas no Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo.
4. As previstas no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/82013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro do 2013.
5. A cláusula sexta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

SEXTA. OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

1. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a un millón seiscientos sesenta e nove mil setecentos corenta e seis euros con sesenta e oito céntimos (1.669.746,68 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

Exercicio	Importe
2025	1.527.770,48 €
2026	141.976,20 €
Total	1.669.746,68 €

2. Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:

a) o concello achegará o 20% do custo total da actuación obxecto deste convenio que ascende a trescentos trinta e tres mil novecentos corenta e nove euros con trinta e tres céntimos (333.949,33 €).

b) o gasto non elixible:

- No exercicio 2025 corresponderase coa suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos.

- No exercicio 2026 será todo non elixible e coincidirá co total do gasto desa anualidade por rematar o 31/12/2025 o programa operativo FEADER-PDR.

O total do gasto non elixible financiarase da seguinte forma:

Transferencia finalista do	333.949,33 €
----------------------------	--------------



concello	
FCA, canon de auga	115.618,14 €
Total do gasto non elixible	449.567,47 €

c) o gasto elixible financiarase pola Unión Europea, pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante unha transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020. As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 "servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais", Submedida 7.2 "apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía".
- Pola Xunta de Galicia nun 17,50 %.
- Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 7,50%.

	MOD 1020	MOD 3020	FEADER 4260	TOTAL ELIXIBLE
2025	213.531,36 €	91.513,44 €	915.134,41 €	1.220.179,21 €
2026	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	213.531,36 €	91.513,44 €	915.134,41 €	1.220.179,21 €

3. En todo caso, o concello asumirá o 20% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, e todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.



4. Na contabilidade de gasto de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

5. Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

6. Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asiento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.

6. Engádesse ao convenio de colaboración unha cláusula sexta bis coa seguinte redacción:

SEXTA BIS. COMPROMISO DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO

1. O Concello realizará as súas achegas de acordo ao seguinte calendario de pago:

	Importe
2025	50.823,56 €
2026	283.125,77 €
TOTAL	333.949,33 €

2. Para o financiamento deste convenio, o concello achega a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica.

3. O concello realizará o pagamento das anualidades previstas no cadro do punto 1 no último trimestre de cada exercicio. No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no



Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido nos artigos 62 e seguintes da Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

4. Augas de Galicia comprométese, ao final de cada exercicio, a remitir ao concello a documentación xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.

7. A cláusula duodécima do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a redistribución interna entre as anualidades de crédito inicialmente previstas no apartado 1 da cláusula sexta , sempre que non se incremente o seu importe global. Estes reaxustes poderán ser acordados por Augas de Galicia para a súa adecuación ao ritmo de execución das actuacións.

8. A cláusula décimo cuarta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumplimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades



por incumplimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

En particular, o concello obrígase a cumprir co establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) non 1083/2006 do Consello.

9. A cláusula décimo sexta do convenio de colaboración queda redactada da seguinte maneira:

DÉCIMO SEXTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Este convenio é susceptible de financiamento no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020 e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no apartado 2.2 do Anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de



Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) n° 1083/2006 do Consello e nos artigos 3 a 5 do Regulamento (UE) n° 821/2014 da Comisión do 28 de xullo de 2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) no° 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ás modalidades concretas de transferencia e xestión das contribucións do programa, a presentación de información sobre os instrumentos financeiros, as características técnicas das medidas de información e comunicación das operacións, e o sistema para o rexistro e o almacenamento de datos.

6°. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas desta addenda, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto

A alcaldesa do Concello de Ponteareas, María Nava Castro Domínguez

